

# Phoenicurus ochruros (S. G. Gmelin, 1774)

	rabirrubio
	colirrojo tizón
	buztangorri iluna
	cotxa fumada
	black redstart
	rabirruivo-preto



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Turdidae	<i>Phoenicurus</i>



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

<b>Peso</b>	16 g
<b>Lonxitude</b>	14-15 cm
<b>Envergadura</b>	23-26 cm

## ALIMENTACIÓN

Invertebrados de pequeno e medio tamaño; en menor medida, sementes e bagas.

## COMPORTEAMENTO

Esta ave desprázase polo chan saltando con soltura, e tamén pode correr. Ten a costume de pousarse en pedras, muros, tellados, postes e outros lugares prominentes. Nada máis pousarse, realiza un movemento curto e vibrante coa cola.

A femia constrúe os niños entre gretas ou oquedades da rocha, ou en edificios, con herbas, musgo e raíces.

## REPRODUCCIÓN

Celo de abril a xullo. Ata dúas postas anuais, 2-8 ovos pequenos e branquecinos, incubados pola femia de 13-17 días. Os polos poden voar aos 12-19 días.

## HÁBITAT

Ambientes secos, soleados, con escasa vexetación e rocas; tamén en cidades e aldeas.

## DISTRIBUCIÓN

Extensamente distribuído por latitudes medias de Europa, norte de África, Oriente próximo e Asia central.

## CURIOSIDADES

Téñense observado casos de emparellamentos híbridos formados por un macho de *P. ochruros* cunha femia de *P. phoenicurus*, con polos de plumaxe intermedia.

A subespecie máis común no noso territorio é *P. ochruros* subsp *aterrimus*.